

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 31 DE MARZO DE 2009

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lic/2249/2008.- Jaime García Lorenzo.-** Reconstrucción, reestructuración e ampliación de vivenda unifamiliar na rúa Ponte da Rocha nº 20

**Lic/1831/2008.- Froilán Antonio Díaz Lorenzana.-** Legalización de rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Ponte Pereda nº 22 A.

**Lic/1349/2008.- Entidade Cooperativa de Vivendas de Aviación Civil.-** Instalación de ascensores nos portais 1, 2, 3, 4, 5 e 6 da Rúa Oviedo.

#### DENEGADAS.-

**Lic/2182/2008.- Ana Isabel Acuña Albor.-** Vivenda unifamiliar no lugar de Lavacolla.

#### PARCELACIONES.-

**Lic/2532/2007.- Construlart Unión, S. L.-** Parcelación urbanística da parcela nº 119-5 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Santa María de Vilvestro, Silvouta. (+).

#### CAMBIO DE USO.-

**Lic/48/2009.- Lidia Torres Iglesias.-** Cambio de uso para oficinas do piso sito na rúa República do Salvador nº 13 – 10º B de vivenda.

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

**566/09.- Emilio Nogueira Moure.-** ..... Expte. Lic/1057/2002..... 4.210 €-

**581/09.- José Luís Pampín Quinteiro** ..... Expte. Lic/1152/2006 ..... 12.000 €-

**577/09.- Rafael Antonio Turnes Turnes** ... Expte. Lic/1352/2000 .....1.081,82 €-

**576/09.- Rafael Antonio Turnes Turnes....** Expte. Lic/2608/2004 ..... 2.500 €-

### OCIHR

### LICENZAS

#### FAVORABLES

**LIC/1919/2008.- COMPAÑÍA EMPRESARIAL PACIOS SL.-** Licenza de obra de rehabilitación de 2 vivendas e elementos comúns en rúa Nova, 51.

**LIC/2051/2008.- JUAN FERNÁNDEZ BONOME.-** Licenza de obra de rehabilitación de edificio de planta baixa, dúas planta altas e baixo cuberta para vivenda unifamiliar en Avda. Casas de Compostela, 3.

**LIC/467/2008.- PROMOCIONES FERNÁNDEZ Y TABOADA, SL.-** Licenza de obra para adición dunha nova planta de soto (soto -4) para uso de aparcamento no inmovible sito na rúa Carreira do Conde, 4.

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

**LIC/360/2009.-** Devolución da fianza depositada por FUNDACIÓN CENTRO TÉCNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACIÓN, en garantía da licenza LIC/1448/2006. O importe da fianza é de 2000€.

#### **4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas por un importe total de 7.215 euros.

**5 a 14.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoables, no i imposto sobre actividades económicas, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á rectificación de erro no acordo nº 6 de data 16.12.2008.**

Corríxese o erro relativo á orde dos apelidos dunha das beneficiarias.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela relativo á tramitación e concesión do premio de ensaio Xohana Torres.**

Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello e a USC para a convocatoria e concesión do Premio de Ensaio Xohana Torres que se rexerá polas bases consensuada por ambas partes.

**17.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao rexeitamento da corrección de erros solicitada no proxecto de compensación do polígono 2 do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2.2) de Cornes.**

Rexéitase a corrección de erros.

**18.- Prórroga e revisión de IPC do contrato de aluguer de local na parroquia da Barciela para uso como Centro Sociocultural.**

Prorrógase por un ano o contrato de referencia e revísase o prezo de adxudicación que queda fixado en 515,63 euros/mes.

**19.- Prórroga do contrato de asistencia técnica para o mantemento informativo da páxina web municipal.**

Prorrógase por un ano o contrato de referencia por un importe de 28.200 euros.

**20.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á prórroga do contrato de aluguer de instalacións para a realización das actividades do proxecto Crear.**

Prorrógase por dous meses o contrato de aluguer do das oficinas sitas na rúa Hórreo por un importe total de 4.872 euros.

**21.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación de orzamentos dos servizos de mantemento dos aparellos elevadores de varios centros escolares públicos do municipio.**

Apróbase un orzamento de 17.782,80 euros para a revisión dun total de 7 elevadores.

**22.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa ao programa de prevención de drogodependencias denominado establecemento de redes sociais e alternativas de ocio.**

Apróbase un orzamento de 17.750,23 euros.

**23.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación dos gastos e ingresos das actividades do segundo trimestre do ano 2009 da rede de centros e locais socioculturais.**

Apróbase a proposta:

Total de ingresos previstos: 29.642 euros.

Total de gastos: 93.700 euros.

**24.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á aprobación da actividade concurso de escaparatismo SCQ SHOPPING edición primavera 2009.**

Apróbase a actividade e un orzamento de 15.000 euros.

**25.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á contratación de servizos para a realización de traballos de Auditoría relacionados co regulamento (CE) Nº 438/2001, de 2 de marzo de 2001, e coa presentación das**

**correspondentes certificacións e declaracións de gastos do proxecto "Pacto Local polo Emprego de Santiago de Compostela".**

Apróbase a contratación da empresa AT CONSULTORES & AUDITORES, por un importe total de 11.890 euros.

**26.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación dos protocolos, procedementos e proxecto de regulamento para a prevención e actuación en materia de acoso no traballo, e de "burnout".**

Apróbanse os protocolos, procedemento e proxectos de regulamento das devanditas materias.

**27.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación do Manual de Autoprotección, Emerxencias e Evacuación, para a Concellaría de Facenda e as dependencias municipais da rúa Galeras, 5 - 3º andar.**

Apróbase o devandito manual.

**28.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación dos Manuais de Autoprotección, Emerxencias e Evacuación, para a concellaría de Benestar Social e Muller, e das dependencias municipais de servizos Sociais, e da UMAD.**

Apróbase o devandito manual.

**29.- Proposta da concelleira delegada relativa á aprobación do proxecto de modificación do Cadro de Persoal do Concello para 2009.**

Apróbase a modificación consistente na necesidade de contemplar un posto de traballo de carácter directivo de titular da asesoría xurídica municipal.

**30.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación das bases para o outorgamento de subvencións para plantacións forestais en montes do Municipio.**

Apróbanse as devanditas bases ás que se axustará o outorgamento de axudas económicas ás asociacións e particulares co obxectivo de potenciar a actividade forestal, a biodiversidade e a paisaxe, contribuíndo a sufragar as plantacións forestais en 2009; e un orzamento total para esta actuación de 8.000 euros.

**31.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación das bases para o outorgamento de subvencións destinadas á prevención de incendios 2009.**

Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións destinadas á prevención de incendios 2009, a través das que se subvencionarán os gastos derivados da execución das rozas e/ou talas de especies arbóreas; e un orzamento para esta actuación de 7.000 euros.

**32.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas de rehabilitación municipal - portelos únicos de información do Plan de Vivenda e Rehabilitación e doutras actuacións das políticas de vivenda.**

Dáse conta do convenio.

## URXENCIAS

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas,e inicio da contratación do suministro de varios vehículos para o Concello mediante arrendamento, e o seu mantemento.**

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricions técnicas así como o inicio do expediente de contratación por procedemto aberto establecéndose un tipo máximo de licitación de 137.379,27 euros.

**2.- Adxudicación definitiva das obras de creación da área de xogos infantís no parque de San Lázaro, incluídas no FIL.**

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución de creación da área de xogos infantís no parque de San Lázaro subscrito coa empresa HPC IBÉRICA, SA, por importe de 88.864,50 euros máis IVE. Prazo de execución: 81 días. (Traballadores: 4; 2 integrados na empresa, 2 persoal de nova contratación).

**3.- Adxudicación definitiva das obras de acondicionamento de parcela para a área recreativa en Vidán, incluídas no FIL.**

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución das obras de acondicionamento de parcela para área recreativa em Vidán subscrito coa empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, SL, por importe de 86.153,68 euros máis IVE. Prazo de execución: 81 días. (Traballadores: 5; 2 integrados na empresa, 3 persoal de nova contratación).

**4.- Adxudicación definitiva das obras de remodelación da zona norte do parque de Salgueiriños, incluídas no FIL.**

Adxudícase definitivamente o contrato para a execución da remodelación da zona norte do parque de Salgueiriños subscrito coa empresa CESPAS, SA, por importe de 185.675,28 euros máis IVE. Prazo de execución: 81 días. (Traballadores: 13; 4 integrados na empresa, 9 persoal de nova contratación).

**5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á concesión sobre unha parcela para a implantación dun centro social de rehabilitación integral e unidade de respiro familiar para enfermos de esclerose múltiple.**

Apróbase a concesión por un período de 30 anos dunha parcela de 300 metros cadrados de superficie ubicada no SUNP 2 de Salgueiriños á Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple para a construción dun Centro Social e de Rehabilitación integral de enfermos de Esclerose Múltiple. O prazo de concesión prorrogarase de forma automática por períodos consecutivos de cinco anos sen que poida exceder de 75 anos.